

BASES DO CONCURSO

1. Poderán participar asociacións folclóricas, culturais, xuvenís, de veciños, ANPAS... sen ánimo de lucro.
2. Modalidade: pandeireta e percusión tradicional, distribuídos nas seguintes categorías:
 - CATEGORÍA A: Ata 10 anos
 - CATEGORÍA B: De 11 a 13 anos
 - CATEGORÍA C: De 14 a 17 anos
 - CATEGORÍA C: De 18 anos en diante
3. A media de idade do grupo determina a categoría, ningún componente poderá superar máis de dous anos a idade máxima.
4. A peza a interpretar, debe ser tradicional. Se houbese algunha reclamación de dereitos de autor, a organización remitirá o cargo ao grupo correspondente.
5. O xurado estará composto por tres persoas e será nomeado pola Asociación Cultural Soalleira. O seu fallo será inapelable.
6. O xurado terá en conta os seguintes aspectos para a cualificación:
 - Autenticidade.
 - Dificultade.
 - Afinación.
 - Interpretación.
7. O xurado poderá requirir DNI ou Libro de Familia de calquera participante.
8. O tempo límite da interpretación da peza non excederá os cinco minutos.
9. O xurado poderá descualificar a calquera grupo que non cumpra as normas do concurso.
10. Os premios serán os seguintes:

<input type="checkbox"/> CATEGORÍA A:	<input type="checkbox"/> CATEGORÍA C:
1º premio: 300 €	1º premio: 400 €
2º premio: 200 €	2º premio: 200 €
3º premio: 100 €	3º premio: 100 €
<input type="checkbox"/> CATEGORÍA B:	<input type="checkbox"/> CATEGORÍA D:
1º premio: 300 €	1º premio: 800 €
2º premio: 200 €	2º premio: 400 €
3º premio: 100 €	3º premio: 200 €

 - Accésit de vestiario (Categorías de mañá): 100 €**
 - Accésit de vestiario (Categorías de tarde): 100 €**
11. Se o número de grupos participantes nunha categoría é inferior a cinco, a organización reservarase o dereito da supresión desa categoría, unha vez avisados os grupos inscritos na mesma.
12. Ningún premio poderá quedar deserto.
13. É obrigatorio o uso de traxe tradicional.
14. O concurso terá lugar o domingo 7 de maio no Auditorio do Pazo Emilia Pardo Bazán. Rúa Miraflores, 3. 36960 - Sanxenxo
15. O concurso desenvolverase ao longo de todo o día, mañá e tarde, incluíndo a entrega de premios correspondente.
16. O horario e a orde de actuación remitirase aos grupos participantes, unha vez rematada a inscrición.
17. O prazo de inscrición remata o 20 de ABRIL.
18. A folla de inscrición deberá remitirse debidamente cumprimentada ao correo electrónico soalleira@gmail.com.
19. Non se permite a gravación do concurso. A organización realizará fotografías e vídeos do concurso, os cales pasarán á propiedade da ASOCIACIÓN CULTURAL SOALLEIRA e do CONCELLO DE SANXENXO que poderán ser publicadas nas redes ou utilizadas como publicidade de calquer evento organizados pola Asociación ou Concello.
20. A Asociación cobrará unha entrada simbólica de 3 €/mañá e 3 €/ tarde.
21. A participación nesta convocatoria requirirá a aceptación das normas contidas nas presentes bases.
22. Calquera dúbida será resolta por medio do correo electrónico da asociación: soalleira@gmail.com.



Soalleira de Dorrón
Cultural Municipal de Dorrón
36966 A GRANXA – Pontevedra
636332459
soalleira@gmail.com

SANXENXOFALA

Desexando que este certame sexa do seu agrado, queremos agradecer ás agrupacións a súa participación e ao público a súa asistencia.



5º CONCURSO DE MÚSICA TRADICIONAL soalleira

Domingo, 7 de maio de 2023

Horario:

Mañá: 11:00 h. (Categorías A e C)

Tarde: 16:00 h. (Categorías B e D)

Organizan:



SANXENXOFALA

CATEGORÍA A

- 1. Grupo D da Escola de Cantigas e Agarimos**
Jota, muiñeira e rumba de Berdoias (Vimianzo)
- 2. Rechouchíos da Asociación Cultural Osorio Gutiérrez**
Jota, muiñeira e pasodoble de Argazón (Muxía)
- 3. Moreniñas da AMBT Vai de roda**
Cantareas en Grixoa (Santiago de Compostela)
- 4. Caramuxos da A.C.F. O Fiadeiro**
Xota, muiñeira e pasodobre de Liñares (Avión)
- 5. Arnelas da Agrupación Agrocovos de Esteiro**
Cantar de arrieiro de Erbecedo e maneo, muiñeira e pasodoble de Sísamo (Corsitanco e Carballo)
- 6. Os Trebellos da AC Punteirolo**
Serán de Barcia de Mera (O Covelo)
- 7. Titiriteiras da ACF Tarambainas**
Ruada en Bembibre (Val do Dubra)

CATEGORÍA C

- 1. Grupo A da Asociación Cultural Rosalía de Castro de Cacheiras**
Ruada de Liñares (Avión)
- 2. Grupo B da Escola de Cantigas e Agarimos**
Cantar, muiñeira, maneo e pasodoble de Razo (Carballo)
- 3. Meiroqueiras da AF Santiaguíños de Boimorto**
Cantares da María de Fetós (Caldebarcos)
- 4. Tarabeir@s de Amigos da Gaita de Ribadeo**
Xota, muiñeira e valse de Arcos (Mazaricos)
- 5. Marmuladoras da ACF Tarambainas**
Polavila en Candín (Ancares)
- 6. Rebuliders da Asociación Cultural Rebulir**
Canto da sega, xota e muiñeira de Fumaces (Riós)

- 7. As Louseiras da AC Mar de Arousa Bamio**
Canto, muiñeira e jota de Cordeiro (Valga)

- 8. "As Lincureteiras" Pandereiteiras de Amor Ruibal**
Cantar, xota riscada e muiñeira de Piñeiro de Areas (O Covelo)

- 9. Gharabullos da ACF Tarambainas**
Cantares de Moscoso (Pazos de Borbén)

_____Actuación de Soalleira_____

CATEGORÍA B

- 1. Grupo de medianas de Pandereita Peis D'Hos**
Cantares do Formigueiro (A Cañiza)

- 2. As Pituquiñas de Ribadelouro da AC Santa Columba de Ribadelouro**
Ruada de Cambre (Cambre)

- 3. Cinco ferreñas da AMBT Vai de roda**
Cantares de Candín (Ancares)

- 4. Mouchiñas da A.C.F. O Fiadeiro**
Fouleada en Arcos (Mazaricos)

- 5. Grupo C da Escola de Cantigas e Agarimos**
Cantar, jota, riscada e pasodoble de Bembibre (Val do Dubra)

- 6. Laretas da ACF Tarambainas**
Cantares do Canizo (A Gudiña)

- 7. Retranqueiriñ@s da AC Retranqueiros**
Cantar, xota e muiñeira de Vilar (Calvos de Randín)

CATEGORÍA D

- 1. Pandereiteiras de María Soliña**
Polavila en Cervantes (Ancares)

- 2. AC Mar de Arousa de Bamio**
Jota, muiñeira e pasodoble de Barro de Arén (Cerdedo)

- 3. Pandereiteiras de Sela da A.C. Retrouso**
Xota, muiñeira e agarrado de Liñares (Avión)

- 4. Pandereiteiras da AC Rosalía de Castro de Cacheiras**
Cantares de Villariños (Balboa-León)

- 5. Pandereiteiras de Agrocovos da Asociación Cultural Agrocovos**
Canto, jota, ribeirana e agarrado de Pardalongas (Traspielas)

- 6. Alxibeiras da Casa Cultural Artística e Deportiva de Areas**
Serán en Escobeiro (Mondariz)

- 7. Pandereiteiras da A.F.C. O Pedrón**
Muiñeira, doblado e valse do Canizo (A Gudiña)

- 8. Lina e Lola da Asociación Cultural Peis D'hos**
Cantares de Concha de Luneda (A Cañiza)

- 9. As Arrancaxestas de Ribadelouro da AC Santa Columba de Ribadelouro**
Canto, xota e muiñeira de Prado-Bugariña (Covelo)

- 10. Barulleiras da AF Santiaguíños de Boimorto**
Cantares de San Pedro de Parada (A Estrada)

- 11. Ferriñas da A.C.F. O Fiadeiro**
Polavila en Villarinos (Balboa)

- 12. Retranqueiras da AC Retranqueiros**
Cantigas de Elena, Clara e Aurora (Toutón- Mondariz)

- 13. Ar do medio da AC Punteirolo**
Canto de segade, jota e muiñeira de Toxediño (Vilar de Santos)

- 14. As Liripioiñas da C. C. A Ponte Vella**
Cantares do Mato de Santa Sabiña (Santa Comba)

- 15. Do Rivés da A.C. Carcaxía**
Canto, xota e muiñeira de Frades (A Coruña)

- 16. Meniñas da ACF Tarambainas**
Fouleada en Mazaricos (Coiro e Arcos- Mazaricos)

- 17. Grupo B da AC Retranqueiros**
Cantares de Dona Dolores de Martiño dos Matos (Pasacondía-Cerqueda-Malpica de Bergantiños)

_____Actuación da Escola de Soalleira_____